

Pídesellles aos alumnos e alumnas que traian unha caixiña para facer esta actividade.

1- Os alumnos e as alumnas lerán o que Sau lles dixo cando entrou polas aulas. Antes de nada, cómpre lembrarilles que Sau viña do futuro e que entrara na aula deles e delas para deixarilles unha mensaxe.

Ola! (*Dirixíndose ao profesor ou profesora*) Podo darvos unha mensaxe? Grazas! (*Descobre o cabelo*)

O meu nome é Sau ⁴³ e teño algo moi importante que contarvos. Teño pouco tempo, así que, por favor, escoitádemme con atención. Veño do futuro, do ano 2030, acabo de saír por unha fendedura temporal, pero coido que se decataron. Axiña me localizarán, porque levo un microchip aquí (*sinálao*), no hipotálamo. Algo que no meu presente é normal.

Debedes saber que dentro duns anos xulgarán a toda persoa que sexa diferente, a toda persoa que non vista á moda ou non teña miles de seguidores nas redes sociais, as persoas non populares serán sospeitosas, porque son máis difíciles de controlar. Xulgarán a quen abra os seus sentimentos a outra persoa, porque saben que iso fainos máis fortes. Xulgarán ás mulleres por levar a saia curta, por desvergoñadas, e tamén ás que a leven demasiado longa, por non amosar a súa beleza aos homes. Todas as mulleres fomos xulgadas. Todas. Xulgarán tamén aos homes que se amosen sensibles, ou aos que choren nalgún momento. As mulleres estarán obrigadas a ser nais, e as que non poidan ou non queiran, serán escravas sen apenas dereitos. Homes violentos repartirán golpes ao seu redor a cambio dun bo soldo, os que non o fagan serán tamén xulgados. (*Vixía a xanela*)

Debedes estar preparados e preparadas. Debedes mudar o futuro, ou non haberá futuro. Buscade sempre a vosa paz interior, a vosa fortaleza e compartídea con que tedes ao voso carón. Falade do que sentides, o que pensades, pero mirando aos ollos doutra persoa, e non a través dun móbil ou dun ordenador. Iso non serve. Non é dabondo. Non vos deixedes culpar por ser diferentes, cando o intenten, sede fortes e non sucumbades endexamais. Se todas e todos facemos iso, temos un futuro.

(Sau ve que a seguen)

Moita sorte a todas e a todos! Coidádevos moito e grazas por escoitarme.

(*Sau ⁴³ sube o pano e marcha correndo*)

- Que acontecerá dentro duns anos? Esas cousas, xa están pasando agora mesmo? Como? Pon exemplos.

- Por que pensades que vos di que debedes estar preparados e preparadas?

- Pídevos Sau que busquedes a vosa fortaleza. E que faledes do que sentides e do que pensades mirando aos ollos. Imos facerlle caso. Escribide o que vós pensades que son as vosas fortalezas, as vosas cousas boas que vos axudarán ao longo da vosa vida. Gardade nas caixiñas esa información.

2- Lémbraselles aos alumnos e alumnas que o espectáculo de teatro, danza e poesía que viron no Ximnasio comezaba coa intervención de Celia, unha vendedora de cogumelos que lles vai relatar unha parte da súa vida. Isto é o que lles contou:

O meu nome é Celia. Levo trinta anos vendendo cogumelos no mercado e tamén lixo caixiñas de madeira (*amósaa*). Fago isto para facelas máis suaves. Para min é moi importante que as cousas sexan suaves, quizais porque a miña non o foi, en troques diso, foi áspera e dura.

Nalgún momento fun condenada, pero non sei por que. E penso que esa condena xa a herdei da miña nai, e a miña nai da miña avoa. Pero non sei cando comezou todo isto. Non sei en cal das xeracións que me preceden, posibelmente nunha que cheiraba a pechado, a igrexa; ou nunha na que miña devanceira adicou a súa vida a coidar dos demáis, esquecéndose de si mesma; quizais nunha xeración na que a miña tataratataavaoa quixo ser libre e tivo a ousadía de se enfrentar ao que llo impedía, é dicir, ao que non debía. Igual era unha meiga, unha meiguiña fermosa que sabía coidar do bosque e así o bosque tamén coidaba dela (*Celia colle un cogomelo*). Tanto ten, dun xeito ou doutro, todas foron silenciadas. Eu, como miña nai e miña avoa, lixei o meu nome, como agora lixo esta caixiña, lixeino tanto que apenas ficaba coma unha alerta que soaba moi lonxe, case fóra da memoria. Lixei o meu xenio canto puiden. Antes tiña moito, aínda que sempre tratei de comprender, mais as persoas non explicamos as cousas con claridade, verdade? Non, danos medo e, por iso, sempre carrexamos segredos, mesmo no corpo gardamos segredos, os meus... decidín lixelos tamén, suaviceime tanto, que todos os días eran exactamente iguais. E iso semellaba o correcto, o normal.

Eu tiven a sorte de poder ir á escola algún tempo. Daquela, as nenas e os nenos estabamos en aulas diferentes. Ensinábannos cousas diferentes. Nunca souben moi ben que lles ensinaban aos nenos, pero a nós, ás nenas ensinábannos as letras, os números, a coser, a criar fillos fortes, serios e traballadores, a criar fillas sumisas e femininas e, sobre todo, a coidar do noso marido (*risa*), como se non houbese outra opción que casar. Diciánnos que o noso marido nunca debía vernos chorar, que non debíamos amolalo coas nosas parvadas de mulleres, que os seus problemas eran moito máis importantes, onde vai dar!. Diciánnos que debíamos cociñar ao seu gusto, estar sempre fermosas para el, escollerlle a roupa, vestilo, axudarlle a por os zapatos, pobriños, coma se fosen inuteis e precisasen dunha muller para sobrevivir...Pero é que así era, iso era certo. Non sabían cociñar nin fregar, nin tiñan interese ningún en aprender, todos precisaban dunha empregada do fogar pero como non podían pagala, buscaban unha moza obediente, casaban, e así, de paso, tiñan fillos.

Entre tantas horas adicadas a aprender como ser felizmente unha ovella, é dicir, obediente, puiden tamén aprender a ler e a facer algunhas contas. Así puiden defenderme cando me quixeron enganar, tantas veces, no mercado ... A miña vida era tan plana (*acariñando a caixiña*)... era case unha pista de patinaxe, e patinei, caín, erguinme, e caín de novo e de novo en pé...ata que cheguei ata aquí, onde estou agora, deserto desde o que veño contarvos como é que cada día esquecía uns gramos de min por aí nalgún recanto. Todo comezou cando coñecín a Mario.

- Explica como foi a vida de Celia e como e que aprendía ela na escola? E os homes? Se tes avós ou avoas, preguntalles se na súa educación tamén houbo esta diferenza no que aprendían os homes e as mulleres?

- Que pensas que quere dicir Celia cando di "a miña vida era tan plana, era case unha pista de patinaxe, e patinei..."

- A caixiña pode ter algún significado simbólico, isto é, pode representar algo máis ca unha simple caixa?

Mario chegou á hora en punto, atravesou os meus días coa súa espada de óso. Invocou a Manítú e saíronlle trasnos por entre os dedos. Foi fascinante. *(Pon o pano na cabeza, moi contenta)* Era tan guapo e valente. Iamos ao cine, bicabámonos, paseabamos collidos da man, felices. Iso cría eu. O caso é que casamos. Un día, arrincoume os segredos todos, e fixo un arquivo cos meus xeitos de mirar. Numerou as prendas, as portas. Canceloume as tardes. Ás veces partillabamos un só de oboe. El mudaba en auga doce e eu podía ser salgada. El, ás veces, tremía coma Chopin ao se verter. Queríamos ser papá e mamá. Quizais fose o xeito de recuperar as tardes... Mais ese neno non chegaba. O tempo mudou nunha serpe; o mundo, pouco a pouco, nunha caixa.

-Que ocorre cando coñece a Mario? Pareceche que Celia describe o amor dunha forma bonita? En que o notas? Que expresións che parecen fermosas? Quen é Manítú? E Chopin?

- Que pode querer dicir Celia cando di “Numerou as prendas, as portas. Canceloume as tardes.”

- Di que o tempo mudou nunha caixa, pode ter que ver coa caixa que está a limar Celia cando aparece na escena?

Unha noite seica deixei de cociñar ben, seica o chan deixou de estar tan limpo coma antes, iso dixo Mario, seica o meu corpo xa non era fermoso. E deixei de mirarme ao espello. Suaba culpa cando non sabía como sorrir. Oculte as miñas pernas, os meus brazos, o meu ventre que se estendían coma mareas vivas. Tiven medo. Perdera o coñecemento de min que me brindara a lúa, fun esquecendo as cancións da miña nai, os contos da miña avoa. Aínda que había un conto que sempre estaba aí, latexando no meu cerebro: o conto de Barba Azul. Non soportaba xa a opacidade dos ollos de Mario. O baleiro das súas frases. Sempre as mesmas. E con eses berros agres que me golpeaban.

- Celia nomea a Barba Azul. Busca información sobre este relato.

- Que lle acontece a Celia agora? Coidas que debería sentir culpa? Por que o fará entón? Cal é a reacción de Celia?

Eu levaba os golpes no meu bolso, para que non se me visen. Por sorte, non estaban na pel, mais as súas palabras mancábanme dentro, e non sabía como ceibalas. Sempre aborrecín as queixas, ao meu pai tampouco lle gustaban. Mais emprender a fuxida era aterrador e preferín oxidarme. Abría a xanela e deixaba entrar ao aire dez minutos. Eu non saía. Demasiado ruído. Dentro, na casa, non había espazo para dar forma a tanta aparente calma, a choiva de neón aí fóra, o fluir desatado, e eu coa suavidade mórbida de quen non pode moverse. *(Son de chave na porta)*

E chegaba a treboada, o non, os berros e pousábanseme na cabeza. Eu ficaba queda, muda. Agardaba. Cando Mario marchaba durmir, erguíame sen facer ruído, saía ao balcón darme un baño de bágoas secas, subía as escaleiras paseniñamente, e deitábame de novo, coma sempre, como todo o mundo agardaba que fixese, mentres aquelas palabras súas, coma dentes ben afiados, trababan en min.

- Esta é quizais unha das partes máis duras do relato de Celia, que lle acontece? Que pode querer dicir Celia coa expresión “preferín oxidarme”? Dunha maneira moi poética describe como era o ambiente da casa, podes explicalo ti coas túas palabras? Que lle podería estar pasando a Celia? Que lle podería estar facendo Mario?

(Celia déitase no chan. 3 segundos de silencio) (Soa Soupír Eternel de Dhafer Youssef)

Esperto na cama na que non durmín tanto tempo, non durmía porque estaba cuberta de verbas coma puntas (*Erguéndose*) Mais hoxe é un día sublime, porque as bágoas bailan. Por iso tiro co veo (*faino*), xa non acepto, non asumo a culpa, non a teño. Prefiro o deserto da soidade, que vivir así un día máis.

Mario, aí o tes! (*Diríxese a Mario en falso perfil*) É todo teu, a derradeira partícula do poder que che concedín, o xermolo da túa ira. Aprendiches a voar sen entender, fixécheste supostamente un home sen escoitar, sen tan sequera escoitarte. Ouveas no cumio do monte de ferro do que es dono, e ao esmorecer o día, berras. Sabes que es inxusto, sabes que es a nada inmensa que me cubre. E ti agora só elixirás á túa vindeira vítima. Debuxarala con lápices de cores, ata dar co xeito de que sorría. Un tempo despois berraraslle, cada día máis, cada día por razóns máis absurdas. Mario, agora xa é tarde, tanta xenreira secou as miñas bágoas e a tí fíxote feble.

- Neste momento, Celia tira cp veo, que pode simbolizar ese xesto?

- Mira o que di Celia de Mario: "Aprendiches a voar sen entender, fixécheste supostamente un home sen escoitar, sen tan sequera escoitarte. Ouveas no cumio do monte de ferro do que es dono, e ao esmorecer o día, berras. Sabes que es inxusto, sabes que es a nada inmensa que me cubre.", que entendes ti nesas palabras?

- Asistimos aquí a unha danza que é unha liberación, lémbra-la? Estes son os movementos que fai a actriz, mentras sona <https://www.youtube.com/watch?v=eJwSZlajEvl>

-Brazos abertos. Movemento "involuntario das mans", ata que se unen como atadas. Celia non pode soltalas. Baila as esposas.

-As esposas incrustanse na cara. Tapan a boca. Quere falar non pode.

-As mans limpan a boca e rematan cunha labazada. Celia resígnase.

-Celia tapa os oídos. Dor torácica. Máximo agudo: fígado arriba. Entrégase. Érguese de súpeto. Abismo. Medo.

-Tapa os ollos. Non quere ver. Berro mudo.

-Conflicto sobre un pé (ata rematar a voz).

-Equilibrio. Voo. Atrévase a pousar o outro pé.

-Flúe coma unha alga. Todas as direccións.

-Remata en harmonía.

- Teñen relación coa historia que nos contou? Por que?

3- No espectáculo hai unha última secuencia na que volta Sau, a rapaza que viña do futuro e ten unha conversa coa súa nai a través do teléfono móbil, nunha videochamada.

Ola, mamá!

(...)

Non, non vou volver.

(...)

Ficarei aquí ata que me atopen, e daquela, xa verei o que fago. Aí non hai un lugar para alguén coma min.

(...)

Mellorei os meus coñecementos de informática, pero non puiden protexer esta videochamada completamente. Dentro dun minutos, estarei localizable. Temos pouco tempo, mamá. Non o malgastes.

(...)

Agora xa sei que todas as melodías se acaban, mamá, todas salvo unha, a das novas que caen polo presente abaixo; esas leis que nos silenciaron de novo, que nos fan coidar da man que nos esgana, que nos fire, que, ás veces, nos mata; as cifras de mulleres que xa non están por non obedecer aos caprichos dun home. Esa é a única melodía que non remata.

Non regresarei, mamá. Ficarei aquí. Tratando de evitar que o futuro sexa o inferno que é.

(...)

Pero se nos falan coma se non tivéssemos dous dedos de fronte, coma seres fráxiles, necesitadas dunha protección que nos limita e prohibe. Cando son eles, os homes, os que nos necesitan a nós para sobrevivir.

E logo están os que pensan que os nosos corpos están ao seu servizo, que só vivimos para gustarlles, e por iso temos que seguir tendo medo pola rúa. É iso xusto? Que teñamos que seguir tendo medo pola rúa?

Ti xa sabes o pouco que me gustaba ter que obedecer en silencio a papá, que ti tiveses que obedecer en silencio a papá, que xa a avoa tivese que obedecer en silencio ao avó. Por iso decidín marchar da casa tan nova e vivir alerta.

(...)

É que non quero ser nai, mamá, nin depender dun home.

(...)

Si, é certo. Son moitas as aldraxes que isto supuxo para min. Ben o sabes. Pero durar non é vivir, mamá. Vivir é outra cousa.

(...)

Síntoo. Sinto as preocupacións que che causei. Sinto que tiveses que vivir nese silencio seco e conxelado. Mais a túa forza e as túas cancións sempre estiveron aquí, comigo. E gustaríame que ti te sentises un pouco máis libre a través de min. Quixera que sempre miraras cara arriba, cara adiante, sen faixas nin maquillaxe, sen quitar pelos todos os días do teu corpo fermoso, cheo de fortaleza, sen pensar a cada momento en que dirá papá e antes, en que lle parecería ao avó. Mais, se eu son libre, é porque así o quixeches ti, porque así me fixeches ti, aínda que nunca o recoñezas, aínda que xa non te lembres.

(...)

Síntoo, mamá! Xa falamos os minutos que nos podemos permitir, a partir deste momento, estou localizable. Téñote que deixar. Quérote!

(Sau 43 pon un pano –o mesmo que na intervención sorpresa- e marcha correndo, mais pénsao mellor e diríxese ao público)

- Que decide facer Sau? Que farías ti?

- Hai un momento no que Sau lle di á súa nai que a perdoe polas preocupacións que lle causou, que lle gustaría a ela que sentise e que fixese a súa nai? Ademais, tamén lle di que para ela foi un referente, que lle deu forza. Pensa nunha muller da túa familia que sexa importante para ti e que sexa un referente, un modelo, unha fortaleza. Descríbea.

- Escribe o que lle poderá estar dicindo a súa nai a Sau e despois le co teu compañeiro/ a ese diálogo.

4- Ao final, Sau, divos isto:

Como acabades de escoitar, teño que marchar....pero vou arriscar tres minutos canda vós. Tendes nas vosas cadeiras a letra dunha canción que vai soar agora. E encantaríame, faríame moi feliz que a cantásedes e bailásedes canda min.

(Soa Antipatriarca de Ana Tjoux)

https://www.youtube.com/watch?v=3K_eVHqXlnI

Podedes bailala e facer unha foto para mandarlle á actriz. Gustaralle saber que deixou en vós a alegría de sentir que podemos ser libres, fermosos e fermosas.

5. Lembras a caixiña? É momento de abrilas ante os teus compañeiros e compañeiras e compartir, mirando aos ollos, sen móbil, o que hai nela.